

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	ROIS
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Vicenzo de Augasantas
<b>Dirección</b>	Lugar da Eirexa, s/n. 15912
	42.793936 -8.737967
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>A igrexa de estilo barroco ten nave de cruz latina, con dous pequenos corpos saíntes a cada lado da nave, de menor altura, e sancristía acaroada ao lado norte do presbiterio. Feita a base de cadeirado de granito e tellado a dúas augas, excepto na cabeceira e brazos menores da cruz de menor desenvolvemento. A torre do campanario, que aparece situada no eixo central da fachada, proporciona unha grande verticalidade á edificación, algo que consegue grazas ao seu gran porte</p> <p>A portada aparece decorada con orelleiras cadradas de baquetóns superpostos que enmarcan a porta. Esta vai flanqueada por pilastras con molduras. Enriba dela unha cornixa voada dá paso a un frontón de remate curvo onde se asenta unha fornela co santo da súa advocación. Remata a fachada en frontón triangular con dous grandes pináculos en forma de copa en cada esquina. Na torre do campanario pódense diferenciar tres corpos. O primeiro corpo cuadrangular, con adornos de rebaixes nos muros, remata nunha cornixa moi voada que dá paso ao outro corpo rodeado de fermosa balaustrada e que acolle as campás en ocos rematados en arco de medio punto que levan dúas pilastras refundidas por cada cara. O terceiro corpo de base octogonal con vans que rematan en arcos e que sosteñen unha pequena cúpula con nervios e rematada en pináculo que culmina cunha cruz de forxa. Ten adornos de pináculos en cada esquinas dos entaboamentos que dividen os corpos da torre.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	29-03-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Díámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Torre-campanario	<a href="#">REGINA SACRATISSIMI ROSARII</a>	<a href="#">LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1894	86	368
Torre-campanario	<a href="#">San Vicente</a>	<a href="#">LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1894	111	792

Información completa: [Igrexa de San Vincenzo de Augasantas - ROIS \(GALICIA\)](#)

PDF (28-06-2026)